



## ***AMOR EN POCAS PALABRAS***

**Primeira.** Os participantes presentarán creacións literarias orixinais e inéditas e non premiadas noutros concursos no xénero literario que desexen, ben en prosa, en verso ou en ambas as modalidades. A temática será o AMOR, en calquera das súas manifestacións: amor, desamor, pasión,....

**Segunda.** As obras deberán tener unha extensión máxima de 100 palabras e levarán título. Estarán redactados en calquera das linguas impartidas no centro e poden estar escritos á man ou a ordenador.

**Terceira.** Poderá participar calquera membro da comunidade escolar do IES Xosé Neira Vilas (Oleiros). O prazo de presentación abrirase o día 22 de xaneiro de 2013 no primeiro recreo e remata o 5 de febreiro no segundo recreo.

**Cuarta.** Os microrrelatos entregaranse na biblioteca durante os recreos; recolleráos o persoal docente con garda de biblioteca.

Os participantes deben presentar as obras dentro dun sobre, cun pseudónimo ou nome falso por fóra. Dentro deste sobre, incluirase tamén, ademais do texto literario, outro sobre máis pequeno que conteña dentro os datos do autor ou autora: o nome completo e a clase ou colectivo ao que pertence.

**Quinta.** Os traballos serán expostos, segundo se vaian presentando, en lugares visibles e accesibles do centro.

**Sexta.** As obras serán avaliadas por unha comisión designada polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e mais polo equipo da biblioteca do IES Xosé Neira Vilas. Esta proclamará o texto gañador do concurso e a súa decisión será inapelable.

**Sétima.** O anuncio da obra gañadora do concurso farase o día 8 de febreiro.

**Oitava.** O gañador ou gañadora recibirá un premio sorpresa e un diploma acreditativo.

**Novena.** O microrrelato gañador será transformado nun vídeo-relato, que será colgado na páxina web [iesneiravilas.org](http://iesneiravilas.org).

**Décima.** A participación no concurso implica a aceptación destas bases.